

INTERVENCIÓN  
XERAL

XERENCIA MUNICIPAL DE  
URBANISMO

CONCELLO  
DE VIGO



## INFORME DE INTERVENCIÓN

**ASUNTO: Orzamento do Organismo Autónomo Local Xerencia de Urbanismo para o ano 2025 (expediente 16866/407).**

Examinado o proxecto de orzamento do Organismo Autónomo Local Xerencia de Urbanismo (en diante XMU) para o ano 2025, de conformidade co establecido no artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o 18.4 do R.D. 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o TRLRFL en materia orzamentaria, esta Intervención, en uso das facultades conferidas no artigo 4.1 b) 2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, procede a emitir o seguinte

### **INFORME:**

#### **1.- Lexislación aplicable:**

Lexislación específica de Réxime Local:

- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante, TRLRFL), e Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais (RP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (en diante, LRBRL).
- Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (en diante, LOEOSF), e Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.
- Ley 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante, LPAC)
- Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.
- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional (artigo 4.1 b)).
- Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

#### **2.- Concepto:**

As Entidades Locais están obrigadas a elaborar e aprobar anualmente un orzamento único que

INTERVENCIÓN  
XERAL

XERENCIA MUNICIPAL DE  
URBANISMO

CONCELLO  
DE VIGO



constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigacións que, como máximo, poden recoñecer a Entidade e os seus Organismos Autónomos, dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das sociedades mercantís de capital integramente local.

### 3.- Contido:

O orzamento xeral da Entidade Local estará integrado por:

a) O orzamento da propia Entidade.

**b) Os dos Organismos Autónomos dependentes da mesma.**

c) Os estados de previsión de gastos e ingresos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local.

En cumprimento do disposto no artigo 165 do TRLRFL, o orzamento da XMU, integrante do orzamento xeral, contén:

- Os estados de gastos, nos que se inclúen, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.
- Os estados de ingresos, nos que figuran as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.
- As bases de execución dos orzamentos, específicas para a XMU, sendo de aplicación as do Concello para o non previsto nestas.

### 4.- Anexos e documentación complementaria.

Ao proxecto de orzamento da XMU acompañanse os seguintes anexos e documentación complementaria, de conformidade co disposto nos arts. 166.1 e 168 do TRLRFL:

- Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presenta en relación co vixente.
- Resumo da liquidación do orzamento do exercicio 2023.
- Avance da liquidación do orzamento do exercicio 2024, referida, polo menos, a seis meses do exercicio, así como estimación da liquidación do citado orzamento referida a 31 de decembro.
- Anexo de persoal, no que se relacionan e valoran os postos de traballo existentes, tanto os reservados a funcionarios como a persoal laboral e eventual, dándose a oportuna correlación coas dotacións económicas incluídas no capítulo 1 do orzamento de gastos.
- Anexo dos investimentos a realizar no exercicio, debidamente codificado conforme ao artigo 19 do RP.
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos.
- Un informe económico-financeiro, no que se expoñen as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

INTERVENCIÓN  
XERAL

XERENCIA MUNICIPAL DE  
URBANISMO

CONCELLO  
DE VIGO



## 5.- Estrutura orzamentaria.

O proxecto de orzamentos da XMU estrutúrase de acordo coas clasificacións establecidas na Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, ditada en cumprimento do disposto no artigo 167.1 e a disposición adicional 6 do TRLRFL e con efectos desde o 1 de xaneiro de 2010.

## 6.- Prazo de presentación.

O expediente incoado para a aprobación do Proxecto de Orzamento da XMU para o ano 2024 tramítase incumprindo os prazos establecidos no apartado 2º do artigo 168 do TRLRFL, que dispón que o orzamento de cada un dos organismos autónomos integrantes do xeral, proposto inicialmente polo órgano competente daqueles, será remitido á Entidade Local da que dependan antes do 15 de setembro de cada ano.

No entanto, hai que ter en conta que, de acordo cos apartados 2 e 3 do artigo 48 da LPAC<sup>1</sup>, a propia presunción de validez e o principio antiformalista co que debe conectarse neste punto, obrigan a non poñer a forma por encima doutros valores como a eficacia ou a garantía de dereitos. É dicir, a rigorosidade na tramitación e cumprimento dos prazos debe así flexibilizarse nos supostos nos que, de acordo con devanditos valores, perda o seu sentido, como é o caso que nos ocupa. Por iso é polo que, aínda que a anulabilidade sexa a regra xeral, non poida afirmarse que calquera defecto do acto determine a súa invalidez, polo que podemos concluir que nos atopamos ante unha irregularidade non invalidante.

## 7.- Equilibrio e nivelación orzamentaria.

### a) Equilibrio orzamentario do art. 165.4 do TRLRFL.

O equilibrio orzamentario é interpretado xenericamente como a procura de nivelación ou equivalencia entre a totalidade de ingresos e gastos incluídos no orzamento, de forma que os créditos inicialmente aprobados non poderán ser superiores ás previsións de ingresos inicialmente efectuadas.

No ámbito local, así aparece recollido nos artigos 165.4 do TRLRFL e 16 do RP ao dispoñer que cada un dos orzamentos que se integran no orzamento xeral deberá aprobarse sen déficit inicial,

1 O artigo 48 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPAC, nos seus apartados 2 e 3, ao igual que establecía o artigo 63 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, dispón o seguinte:

*"2. No obstante, el defecto de forma sólo determinará la anulabilidad cuando el acto carezca de los requisitos formales indispensables para alcanzar su fin o dé lugar a la indefensión de los interesados.*

*3. La realización de actuaciones administrativas fuera del tiempo establecido para ellas sólo implicará la anulabilidad del acto cuando así lo imponga la naturaleza del término o plazo".*

INTERVENCIÓN  
XERAL

XERENCIA MUNICIPAL DE  
URBANISMO

CONCELLO  
DE VIGO



isto é, que os ingresos totais previstos deben ser iguais ou superiores aos gastos totais previstos.

Neste sentido, o orzamento da XMU aparece formalmente nivelado nos seus importes de ingresos e gastos, polo que non presenta déficit inicial, dando cumprimento deste xeito ao disposto nos artigos 165.4 da TRLRFL e 16 do RP.

Estado de gastos	12.174.969,64
Estado de ingresos	0.00
Déficit / superávit inicial	0.00

#### b) Déficit ou superávit por operacións correntes.

O artigo 5 da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, dispón que a clasificación económica dos gastos agrupará os créditos por capítulos separando as operacións correntes (capítulos 1 a 4), as de capital (capítulos 6 e 7) e as financeiras (capítulos 8 e 9) de acordo coa estrutura que se detalla no anexo III da mesma.

Pola súa beira, o artigo 9 da citada Orde establece que as previsións incluídas nos estados de ingresos do orzamento da entidade local clasifícanse separando as operacións correntes (capítulos 1 a 5), as de capital (capítulos 6 e 7) e as financeiras (capítulos 8 e 9), de acordo coa estrutura se detalla no anexo IV desta orde.

Seguindo esta clasificación, o proxecto de orzamento para o ano 2025 presenta o seguinte desglose:

PREVISIÓNS DE INGRESO POR OPERACIÓNS CORRENTES	8,848,300.00
CRÉDITOS DE GASTO POR OPERACIÓNS CORRENTES	8.661.300,00
SUPERÁVIT POR OPERACIÓNS CORRENTES	8,848,300.00

Polo tanto o Proxecto de Orzamento da XMU preséntase nivelado e con superávit corrente suficiente para financiar os gastos de capital non financeiros (capítulos 6 e 7 do orzamento de gastos).

#### 8.- Bases de execución dos orzamentos.

Examinadas as Bases de Execución do Orzamento específicas da XMU para o exercicio 2025, non se aprecian incumprimentos da normativa vixente en materia orzamentaria nin económico-financeira, entendendo que o seu contido e finalidade axústanse ao establecido na normativa reguladora das facendas locais.

En particular, a base 6ª das citadas inclúe a relación expresa e taxativa dos créditos ampliables, con detalle dos recursos afectados:

**INTERVENCIÓN  
XERAL**

**XERENCIA MUNICIPAL DE  
URBANISMO**

**CONCELLO  
DE VIGO**



Crédito ampliable / Aplicación	Recurso afectado / Concepto
1510.2279905 "Execucións subsidiarias"	39902 "Execucións subsidiarias"
1510.2279907 "Oficina de rehabilitación"	45100 "Transferencia oficina rehabilitación"

A contía da ampliación será como máximo polo importe que supere a recadación neta sobre as previsións orzamentarias, sendo as previsións iniciais de 150.000,00 euros e 0,00 euros respectivamente.

A mesma base 6ª establece que a partida 1510.6800200 "Edificio Esturáns para alugueiro social", cunha consignación de 974.145,24 euros está afectada a efectiva existencia dos recursos que a financian (concepto de ingreso 75000). A parte que non se obteña deste financiamento irá con cargo a recursos propios.

#### **9.- Gastos de persoal.**

No capítulo I do orzamento de gastos figuran as retribucións e o custo de seguridade social do persoal directivo e do persoal propio da Xerencia Municipal de Urbanismo. Asemade inclúese a dotación para contratos laborais temporais, produtividade, gratificacións, formación e fondo social, entre outros aspectos.

O importe total dos créditos incluídos no Anexo de persoal é coincidente co importe total consignado nas correspondentes aplicacións do capítulo 1º do estado de gastos, cuxas dotacións recollen remuneracións unicamente polos conceptos retributivos establecidos na normativa de función pública.

As dotacións incluídas no capítulo I do estado de gastos incrementáanse un 2,09% con respecto ao exercicio 2024. Reflicte a previsión dun incremento salarial aplicable ao persoal municipal no exercicio 2025 do 2,5% (0,5% de 2024 respecto 2023 e 2% de 2025 respecto 2024). Actualízanse as partidas de antigüidade e de seguridade social e mantense o crédito de determinadas partidas do capítulo I que non inclúen retribucións, supoñendo o citado incremento do 2,09% respecto o capítulo I de 2023.

As retribucións dos funcionarios consignadas no proxecto de orzamentos e documentación anexa, axústanse na súa contía e distribución, no que se refire ao soldo, trienios, pagas extraordinarias e complemento de destino, ao establecido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, de conformidade co disposto nos artigos 2 e 3 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local.

No capítulo I "Gastos de Persoal" tamén se inclúen, entre outros, os créditos necesarios para atender os gastos por achegas aos plans de pensións do persoal dependente da XMU, así como a contía necesaria para o pago do "Fondo Social" aos traballadores.

En definitiva, os créditos asignados ás aplicacións orzamentarias do capítulo 1º do estado de

INTERVENCIÓN  
XERAL

XERENCIA MUNICIPAL DE  
URBANISMO

CONCELLO  
DE VIGO



gastos estímense suficientes, globalmente considerados, para atender todas as retribucións fixas e variables a satisfacer pola XMU ao persoal que presta os seus servizos neles, os gastos por cotizacións obrigatorias aos distintos réximes de Seguridade Social, as prestacións sociais así como os gastos de natureza social realizados en cumprimento de acordos e disposicións vixentes.

#### 10.- Gastos en bens correntes e servizos.

Segundo consta no informe económico-financieiro, no capítulo II prevense os gastos para o funcionamento dos servizos de natureza corrente (arrendamentos, mantementos e conservación, material ordinario non inventariable, comunicacións, limpeza, seguridade, asistencia técnica e outros contratos de servizos), así como as axudas de custos dos cargos directivos e de persoal. Consígnase o crédito dos contratos de limpeza do edificio da Xerencia, de seguridade e vixilancia, de mantemento da calefacción, dos ascensores e de copiadoras e do servizo da Oficina Municipal de Rehabilitación. Existe pois consignación suficiente para garantir o funcionamento normal da Xerencia de Urbanismo.

Para maior detalle e explicación remítome ao contido do informe económico-financieiro que obra no expediente.

#### 11.- Investimentos.

Neste capítulo inclúense os créditos necesarios para financiar os proxectos previstos no anexo de investimentos incorporado ao expediente que se financian con recursos propios do exercicio. Isto é, a totalidade das operacións de capital non financeiro do exercicio financiáanse co superávit corrente ordinario ou aforro bruto do exercicio.

Lémbrese que o produto da monetarización do PMS obtido en exercicios anteriores ao 2024, como consecuencia do alleamento dos bens que o integran, constitúe un recurso afectado ao cumprimento das finalidades impostas pola lexislación urbanística<sup>2</sup>, polo que ao tratarse de ingresos que deben destinarse a financiar gastos orzamentarios específicos e determinados, deben de ser obxecto dun adecuado control e seguimento contable de modo que os remanentes dos créditos para investimentos financiados con cargo a ditos recursos deben obrigatoriamente incorporarse ao Orzamento do exercicio 2025 mediante a tramitación da oportuna modificación orzamentaria.

2 O artigo 134 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia, establece que os bens do patrimonio público do chan deben ser destinados a algún dos seguintes fins:

- Construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública.
- Actuacións públicas de interese social e as vinculadas á propia planificación e xestión urbanística, en especial ao pago en especie, mediante permuta, dos terreos destinados a sistemas xerais e locais de dotacións públicas, ou a gastos de recollo e retorno e pago de indemnizacións ou xustiprezos por actuacións urbanísticas.
- Conservación e mellora do medio ambiente, do medio rural e do patrimonio cultural construído.
- Creación de chan para o exercicio de actividades empresariais compatibles co desenvolvemento sustentable.
- Conservación, xestión e ampliación do propio patrimonio público do chan.
- Aqueloutras finalidades previstas na lexislación vixente.

INTERVENCIÓN  
XERAL

XERENCIA MUNICIPAL DE  
URBANISMO

CONCELLO  
DE VIGO



## 12.- Resumo por capítulos

	2024	2025	Variación 2025 / 2024	% s/ total
Capítulo 1	6,420,783.49	6,555,040.91	2,09%	53,84%
Capítulo 2	1,689,960.13	2,106,259.09	24,63%	17,30%
Gastos correntes	8,110,743.62	8,661,300.00	6,79%	71,14%
Capítulo 6	1,379,356.87	1,265,432.84	- 8,26%	10,39%
Capítulo 7	1,888,196.57	2,216,236.80	17,37%	18,20%
Gastos capital non financeiros	3,267,553.44	3,481,669.64	6,55%	28,60%
Capítulo 8	32,000.00	32,000.00	0,00%	0,26%
Gastos por operac. financeiras	32,000.00	32,000.00	0,00%	0,26%
TOTAL	11,410,297.06	12,174,969.64	6,70%	100,00 %

## 13.- Orzamento de ingresos.

No que se refire ás previsións de ingresos, compre salientar os aspectos seguintes:

O capítulo III (“Taxas e outros ingresos”) incrementase globalmente un 25,05% respecto do consignado no exercicio anterior, estimándose o importe total no citado capítulo (2.082.600,00 euros), congruente, no seu conxunto, cos datos que constan no avance de liquidación incorporado ao expediente.

No capítulo IV (“Transferencias correntes”) consígnase a achega da entidade matriz á XMU para contribuír aos gastos de funcionamento do organismo por importe de 6.155.000,00 euros, o que supón un incremento do 2,50% respecto do exercicio anterior. O importe desta achega representa un 69,56% dos ingresos totais por operacións correntes da entidade, o que reflicte un elevado nivel de dependencia económica do Concello de Vigo, aínda que menor que o ano en curso (72,51%).

Tamén, conforme ao previsto no informe económico-financeiro, neste capítulo recóllese a achega da Xunta de Galicia para o financiamento do PXOM, na súa última fase de aprobación definitiva e de elaboración do texto refundido final, debéndose acadar ambos fitos para a súa percepción.

No capítulo V recóllese os xuros polos depósitos en entidades financeiras. A imposición a prazo fixo do excedentes de liquidez, e os xuros aplicados polas entidades bancarias, permiten manter

**INTERVENCIÓN  
XERAL**

**XERENCIA MUNICIPAL DE  
URBANISMO**

**CONCELLO  
DE VIGO**



as previsións por dito concepto.

No capítulo VI (“Alleamento de investimentos reais”) non se prevé importe algún xa que non está previsto o alleamento de bens integrantes do PMS ao longo do exercicio.

No capítulo VII inclúese a Transferencia procedente dos fondos “Next Generation” da Unión Europea para a construción dun edificio na rúa Esturáns destinado a alugueiro social, cunha contía de 974.145,24 euros.

No Capítulo VIII, o Remanente de Tesourería afectado ERRP acada un importe de 2.135.087,79 euros como contrapartida ás contías recollidas no orzamento de gastos nas partidas de subvencións a particulares para rehabilitación de vivendas nos ERRPs. Dita contía foi ingresada no exercicio 2023, e é a parte correspondente á anualidade 2024. Prodúcese, polo tanto, un cambio de criterio respecto do tratamento dos fondos Next Generation aportados pola Unión Europea, en aplicación das instrucións da Intervención Xeral do Estado.

#### Resumo por capítulos.

	<b>2024</b>	<b>2025</b>	<b>Variación 2025 / 2024</b>	<b>% s/ total</b>
Capítulo 3	1.665.380,85	2.082.600,00	25,05 %	17,11 %
Capítulo 4	6,210,563,00	6,360,700,00	2,42 %	52,24 %
Capítulo 5	405,000,00	405,000,00	0,00 %	3,33 %
Ingresos correntes	6.615.563,00	8,848,300,00	6,85 %	72,68 %
Capítulo 6	0,00	0,00	0,00 %	0,00 %
Capítulo 7	962.265,42	974,145,24	1,23 %	8,00 %
Ing. De capital non financeiros	0,00	974,145,24	1,23 %	80,68 %
Capítulo 8	2,167,087,79	2,352,524,40	8,56 %	19,32 %
Ingresos por operac. financeiras	2,167,087,79	2,352,524,40	8,56 %	19,32 %
<b>TOTAL</b>	<b>11.410.297,06</b>	<b>12.174.969,64</b>	<b>6,70 %</b>	<b>100,00 %</b>

#### **14.- Tramitación e aprobación.**

O orzamento será proposto inicialmente polo órgano competente do Organismo Autónomo, que segundo os seus Estatutos é o Consello Reitor e remitirase á Entidade Local da que depende, acompañado de toda a documentación necesaria. Sobre a base destes e dos demais orzamentos de Organismos e sociedades dependentes, formarase o orzamento xeral que, acompañado polos Anexos e demais documentación e, debidamente informado e ditaminado pola Comisión correspondente, remitirase ao Pleno da Corporación para a súa aprobación, emenda ou devolución, en acto único, en cumprimento do previsto no artigo 168.4 e 5 do Texto Refundido da



**INTERVENCIÓN  
XERAL**

**XERENCIA MUNICIPAL DE  
URBANISMO**

**CONCELLO  
DE VIGO**



Lei Reguladora das Facendas Locais e 33.2 c) da vixente Lei 7/85, Reguladora das Bases de réxime Local.

O orzamento xeral, debidamente aprobado (aprobación inicial, anuncio en BOP, exposición ao público por 15 días hábiles e, no seu caso, resolución de reclamacións), entrará en vigor no exercicio 2025, unha vez publicado no BOP, resumido por capítulos, de cada un dos que o integran. Simultaneamente, remitirase copia á Administración do Estado e á correspondente Comunidade Autónoma.

Desde entón todos os créditos do Estado de gastos, atoparanse na situación de dispoñibles.

Con todo, os créditos orzamentarios consignados afectados á concesión de subvencións, terán a súa dispoñibilidade condicionada á existencia de documentación que acredite o compromiso firme de achega.

#### **15.- Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.**

A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos realizaranse nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea. Entenderase cumprido o obxectivo cando os orzamentos iniciais consolidados alcancen, en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, o obxectivo de equilibrio ou superávit estrutural.

Por mandato legal, art. 16.2 do RD 1463/2007 de 2 de novembro que aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, na súa aplicación ás EELL, a intervención local elevará a Pleno informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da entidade local, dos seus organismos e entidades dependentes. O informe referido é independente e emítese con carácter previo ao acordo do órgano competente para a aprobación do orzamento.

A observancia do cumprimento realízase entre outros momentos, na aprobación do orzamento, (art. 4.1 RD 1463/2007) e, a súa consecución debe examinarse a nivel de estados consolidados, polo que se remite á análise que se realice no expediente de Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2025.

#### **Conclusións.**

Por canto antecede, esta Intervención emite o presente informe preceptivo favorable ao proxecto do Orzamento do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo para o exercicio 2025 ao amparo do disposto no artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o 18.4 do R.D. 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve a LFL en materia orzamentaria.

No lugar e data da sinatura dixital  
O INTERVENTOR XERAL,  
Asdo. Alberto Escariz Couso